

## **ABERTO O PRAZO DE SOLICITUDE PARA A DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)**

Ábrese o prazo para solicitar máscaras para o alumnado de educación secundaria obrigatoria (ORDE do 6 de novembro de 2020 publicada no DOG do 13 de novembro de 2020).

**O ALUMNADO QUE FOI BENEFICIARIO DA AXUDA PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR** (vale de 50 €) este curso 20/21 accederá de forma inmediata ás máscaras e **NON TERÁ QUE PRESENTAR A SOLICITUDE.**

O resto do alumnado que, polo motivo que fose, non presentou solicitude de material escolar e pertence a familias cunha **RENDA PER CÁPITA IGUAL OU INFERIOR A 6.000 €** deberá presentar a solicitude **PRESENCIALMENTE** no centro cubrindo os **ANEXOS I e II** dispoñibles no propio centro e nesta páxina web.

Outra documentación necesaria é:

- Copia do **libro de familia** onde figuren o/a alumno/a e os demais membros da unidade familiar **ou certificado de convivencia.**
- En caso de separación ou divorcio, **sentenza xudicial e/ou convenio regulador** onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- **Certificado do grao de discapacidade** do/a alumno/a ou de calquera membro da familia sempre que non estea recoñecida por un órgano que pertenza á Xunta de Galicia.

**O PRAZO** para presentar as solicitudes **REMATA O 24 DE NOVEMBRO DE 2020.**

As **LISTAXES PROVISIONAL E DEFINITIVA** de solicitudes concedidas e solicitudes excluídas (indicando a causa de exclusión) **PUBLICARANSE** única e exclusivamente no **TABOLEIRO DE ANUNCIOS SITUADO NO INTERIOR DO CENTRO.** En caso de exclusión na listaxe provisional, poderase formular reclamación os 2 días hábiles seguintes ao da súa publicación.